

ADEUS Figura como o primeiro presidente do Senado da democracia

FALECE ANTONIO FONTÁN CON 86 ANOS

OS REIS VISITAN A CAPELA ARDENTE DE QUEN TAMÉN FORA PROFESOR DO MONARCA E MINISTRO

Efe • Madrid

Os Reis e a clase política despedíronse do primeiro presidente do Senado en democracia, Antonio Fontán, entre homenaxes e eloxios á súa contribución para a consolidación da liberdade en España.

Fontán, sevillano de nacemento, faleceu onte en Madrid ós 86 anos tras unha traxectoria dacabalo entre a política, o xornalismo e a docencia. Dentro do ámbito político, foi ministro de Administración Territorial no Goberno de Adolfo Suárez e presidente do Senado, pero tamén acaprou unha ampla bagaxe no mundo académico e universitario, e así, formou parte da comisión de profesores que dirixiu os estudos universitarios de Don Juan Carlos cando era Príncipe, foi tamén catedrático emérito da Universidade Complutense de Madrid e catedrático da Universidade de Navarra.

Fontán mostra ademais un longo periplo académico moi relacionado co xornalismo, pois obtivo o título na Escola Oficial de Madrid

e exerceu a dirección do Instituto de Xornalismo da Universidade de Navarra. Traballou no mundo informativo na revista *Actualidad Española*, que dirixiu de 1952 a 1956, e no semanario *Nuestro Tiempo*, do que tamén foi director. Como o foi no diario *Madrid* ata o seu peche en 1971, tras padecer muitas e peches temporais.

A listaxe de galardóns cos que o condecoraron en vida é extenso: o Mérito Constitucional (1988), a Gran Cruz do Comendador (1996) do Goberno polaco, a medalla de Ouro do Senado (1991), a Gran Cruz da Orde Civil de Alfonso X o Sabio (1997), o premio da Asociación da Prensa de Madrid (2006).

Ademais, o seu nome apareceu na enumeración dos 50 heroes da liberdade de prensa que o International Press Institut redactou en 2000. Grazas a esta traxectoria, a clase política rendelle toda clase de eloxios.

O presidente do PP, Mariano Rajoy, destacou nun telegrama á familia o gran papel de Fontán durante a Transición como "impulsor da liberdade en España".

Os Reis acudiron á capela ardente, instalada no Colexio Maior Castela de Madrid, para expresar á súa familia o seu apoio e as súas condolencias. Don Juan Carlos e Dona Sofía permaneceron uns minutos no



O Rei saúda un familiar de Antonio Fontán, onte na capela ardente



Fontán con José Federico de Carvajal, que o sucedeu, o 15 de marzo do 78

GALICIA Feijóo: "Exemplo do que facer"

Desde Galicia, o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, transmitiu "o pesar e a tristura" do seu Goberno e de todo o pobo galego polo falecemento de Fontán, quen, recordou o presidente autonómico, xa "forma parte" da Historia deste país e reivindicou a súa figura como "un dos exemplos" do que se debe facer "dende a política" nos momentos difíciles do Estado.

seu interior confortando a Eugenio Fontán, irmán do político desaparecido, así como aos seus sobriños.

Outros dirixentes que se desprazaron ata a capela ardente foron a presidenta da Comunidade de Madrid, Esperanza Aguirre, quen destacou os "grandes servizos" que Fontán deu a España durante a Transición. Un dos seus sucesores na Presidencia do Senado, Juan José Laborda, dixo do falecido que foi "un referente no proceso democrático". A Federación de Asociacións de Xornalistas de España (FAPE) expresou o seu "máis fondo pesar" polo seu pasamento.●

REACCIÓNS

Bandeiras a media hasta

As bandeiras do Senado ondearon onte a media hasta en sinal de recordo ao que fora o seu primeiro presidente na democracia, Antonio Fontán, mentres que o presidente da Cámara Alta, Javier Rojo, lle trasladou á súa familia "todo o afecto e a consideración" desta institución.

Rojo lamentou a morte de Fontán e subliñou a súa "permanente vontade de consenso", a súa traxectoria política e os seus esforzos por consolidar o sistema constitucional nos primeiros anos tras a aprobación da Constitución.

Engadiu que Fontán foi un home "de forte carácter institucional, que se esforzou sempre por chegar a acordos e por mirar ao futuro para que España fose un país próspero.

O seu nome a centro docente

O Consello de Goberno da Comunidade de Madrid acordou, onte, pór-lle a algún centro docente da rexión o nome de Antonio Fontán Pérez.

O Goberno madrileño trasladou ademais as súas condolencias aos familiares do falecido, segundo informou o vicepresidente, conselleiro de Cultura e Deporte e voceiro do Executivo, Ignacio González.

O vicepresidente rexional do Goberno de Esperanza Aguirre referiuse a Antonio Fontán como "xornalista", "político" e "catedrático", e destacou da súa traxectoria que foi elixido primeiro presidente do Senado en 1977, que posteriormente desempeñou o cargo de ministro de Administración Territorial e que o Rei o distinguiu co título de marqués de Guadalcanal.